

**VISITA DE ESTUDIO NO MARCO DA CONFERENCIA EUROPEA “CALIDADE DESDE AS MONTAÑAS: PROSPERIDADE PARA AS PERSOAS E OS TERRITORIOS”  
BILBAO, 22-24 de outubro de 2014**



O pasado mes de outubro tivo lugar en Bilbao a IX Convención Europea da Montaña, que se desenvolveu baixo o título “Calidade desde as montañas: prosperidade para as persoas e os territorios”. O evento estivo organizado polo Goberno Vasco e a Rede Euromontana ([www.euromontana.org](http://www.euromontana.org)), coa participación de HAZI ([www.hazi.es](http://www.hazi.es)), e cofinanciado pola Comisión Europea no marco dun proxecto de comunicación sobre a nova Política Agraria Común.

A nova Política Agraria Común pretende garantir unha produción alimentaria sustentable, o desenvolvemento equilibrado dos territorios e a xestión sustentable dos recursos naturais e o cambio climático. Para o novo período 2014-2020, a PAC mantén a súa estrutura clásica en dous piares: pagamentos directos e desenvolvemento rural. Entre as seis prioridades comprendidas neste segundo pilar, atópanse as de “Promover a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais” e “Promover a organización da cadea alimentaria incluída a transformación, a comercialización e xestión dos riscos”. O contido temático da dita Conferencia Europea xirou en torno a estas prioridades, nomeadamente a segunda, contextualizándoas nas áreas de montaña e facendo fincapé en como promover as cadeas de valor da montaña.

As sesións de traballo, debate e intercambio de información da IX Convención Europea da Montaña estiveron precedidas dunha xornada de desenvolvemento de visitas técnicas para o estudo de iniciativas/ emprendementos das cadeas agrícolas nas diferentes áreas da montaña de Euskadi: actividades de produción agrícola na reserva da Biosfera de Urdabai; actividades de produción gandeira na montaña alavesa, e actividades vitivinícolas e de produción oleica na Rioja alavesa.

Tendo o evento unha clara conexión co obxectivo do Proxecto Symbios- Eixo 4.80 do P.O. FSE Galicia 2007-2013, de intercambiar e identificar experiencias de emprendemento dinamizador e inclusivo que poidan servir de base para a difusión de actuacións contra a exclusión territorial e a dinamización das zonas en declive demográfico, aproveitouse este marco para organizar unha nova visita de estudo con varios socios e colaboradores da Rede Symbios. Así participaron no evento representantes da Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER), o Centro de Desenvolvemento Rural de Ancares e da Universidade de Tràs-os-Montes e Alto Douro, moi vinculados nas súas respectivas actividades, tanto á montaña, como a temática que se abordaba. Participou, ademais, unha persoa da Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Nas visitas técnicas os/as diferentes produtores/as amosaron os seus recursos produtivos ou de transformación e informaron como se agrupan os/as diferentes produtores/as e cales son as fórmulas de cooperación para a mellora da calidade, comercialización e distribución dos seus produtos. Deste xeito, falouse, entre outros, da mesa do aceite ou da etiqueta Euskolabel, que certifica e promociona Hazi, a Corporación do Goberno Vasco para o desenvolvemento rural, litoral e alimentario.

Tras a xornada de visitas técnicas, nos seguintes días da Convención, sucedéronse relatorios de información e contextualización das cadeas de valor da montaña como estratexias de desenvolvemento no período 2014-2020; talleres en grupos de debate con enfoques temáticos (innovación, enfoque territorial, impacto socioeconómico, medio ambiente) para identificar oportunidades e retos que se poderán abordar desde a Política Agraria Común no período de referencia. Mantivéronse, nestes foros, debates sobre como traballar a calidade e a posta en valor dos produtos da montaña, incluíndo o marketing territorial e a promoción do consumo responsable.

Máis información e fotografías da IX Convención da Montaña en [http://www.euromontana.org/wp-content/uploads/2014/09/EMC\\_Bilbao\\_Programa\\_def\\_ES.pdf](http://www.euromontana.org/wp-content/uploads/2014/09/EMC_Bilbao_Programa_def_ES.pdf) o en <http://www.hazi.es/es/noticias-hazi/5447-fotos-de-la-ix-convencion-europea-de-la-montana.html>